

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI Fluvial ES014-LU-170101 Río Fontecova. Viveiro (Lugo)", no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU

1. Antecedentes

O Concello de Viveiro ten atribuída, entre outras, a competencia de medio ambiente, regulada no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia que atribúe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, no seu artigo 36, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, no seu artigo 109, establecen como competencias propias das Deputacións Provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios integrantes das mesmas.

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos, e correspóndenlle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro que permitan acometer as obras consistentes nas "Melloras estruturais para a redución do



risco de inundación da ARPSI Fluvial ES01-LU-170101. Río Fontecova. Viveiro (Lugo)", e a súa conservación e mantemento.

3. Necesidade da colaboración, razón de oportunidade e xustificación da non concorrencia

En cumprimento do establecido no Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, que traspón á lexislación española a Directiva 2007/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, Augas de Galicia redacta, e revisa cada seis anos, a avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) da demarcación hidrográfica Galicia Costa, en colaboración coas autoridades de Protección Civil, a Administración xeral do Estado e outros órganos competentes da comunidade autónoma e da Administración local.

O proceso de planificación, unha vez declarada unha zona como área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI), leva consigo o posterior desenvolvemento de mapas de perigosidade e risco de inundación, para a súa incorporación ao plan de xestión de riscos de inundación da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, no que se determinan as medidas a realizar por cada unha das autoridades competentes de cara a minimizar os efectos negativos das enchentes.

Nas ARPSIS con maior risco, recóllese a necesidade de redactar un Plan Específico de Xestión do Risco de Inundación, no que se traballa a nivel de detalle na propia Área con Risco Potencial Significativo de Inundación para tratar de minimizar os riscos concretos da ARPSI, incrementar a calidade ambiental das contornas fluviais e recuperar a condición dos ríos como hábitats naturais, abordando todas as tipoloxías de medidas a adoitar por parte de cada unha das autoridades competentes.

No plan de xestión específico realizado na ARPSI do río Fontecova, situado en Viveiro, Augas de Galicia contemplou varias opcións para realizar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado a dita ARPSI.

Co obxecto de redactar e financiar o proxecto que sirva de base para executar as actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado á área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Fontecova, situado en Viveiro, considerando a alternativa seleccionada polo Concello, Augas de Galicia, o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo formalizaron un convenio de colaboración o 8.7.2020.

Aprobado o "Proxecto construtivo de melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI Fluvial ES01ES01-LU-170101. Río Fontecova. Viveiro Lugo", as partes queren colaborar para executar as actuacións descritas no proxecto que permitan minimizar o risco asociado á área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Fontecova.



Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total estimado para a contratación das actuacións contempladas neste convenio ascenden a novecentos oitenta e catro mil seiscientos noventa e sete euros con corenta e sete céntimos (984.697,47 €), distribuídos do seguinte xeito entre as partes asinantes:

	AUGAS DE GALICIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE VIVEIRO	IMPORTE
2024	0,00	2.217,34	2.217,34	4.434,68
2025	550.484,80	95.065,69	95.065,70	740.616,19
2026	49.515,20	95.065,70	95.065,70	239.646,60
	600.000,00	192.348,73	192.348,74	984.697,47

Para financiar a súa achega Augas de Galicia prevé dispoñer de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

O citado crédito provén do Acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente do 20 de xuño de 2022 na que se estableceron os criterios de reparto e distribución territorial de créditos xestionados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco da Compoñente 5 "Preservación do espazo litoral e dos recursos hídricos" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para o exercicio orzamentario 2022, por un importe total de 174.500.000 euros, destinados a financiar o plan de actuacións de protección e adaptación ao risco de inundación e integración ambiental en núcleos urbanos, así como á primeira fase do reparto de fondos en Conferencia Sectorial ás comunidades autónomas do PERTE de dixitalización do ciclo da Auga.

Augas de Galicia financiará con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, a súa achega de 600.000,00 € prevista na cláusula Sexta.1. O custo final das actuacións que sobrepasen ese importe será cofinanciado ao 50% polo concello de Viveiro e a Deputación de Lugo.



Para os efectos de tramitación do expediente de gasto resulta de aplicación o establecido no artigo 67 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que dispón que no caso de que se inicie no exercicio corrente a tramitación de expedientes de gasto pero a súa execución orzamentaria non vaia ter lugar ata o exercicio seguinte ou outros exercicios posteriores, será posible a súa tramitación anticipada ao longo do dito exercicio, e poderá chegar ata a fase de formalización do compromiso de gasto no exercicio corrente.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director de Augas de Galicia
Roi Fenández Añón

